

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 30 de OUTUBRO de 2009**

**Orde do día** dos asuntos que se van a tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, día 30 de outubro de 2009, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Toma de posesión do deputado provincial do Partido Popular, don José Manuel Traba Fernández.

2.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 9/09, do 25 de setembro.

3.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 18.601 á nº 20.100, de 2009.

### **Cooperación e Asistencia aos Concellos**

4.-Aprobación da modificación da distribución interna do financiamento do Plan de obras e servizos (POS) 2009.

5.-Aprobación da corrección do erro no financiamento da 3ª fase da anualidade 2009 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011.

6.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Escola infantil en Mesoiro”, do Concello da Coruña incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007. Código: 07.3100.0090.0.

7.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Ampliación do saneamento en Pousadoiro” do Concello de Aranga incluído no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008. Código: 08.3300.0001.0.

8.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Abastecemento de auga a Pedrouzo” do Concello de Trazo, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008. Código: 08.3300.0055.0.

### **Promoción Económica, Emprego e Turismo**

9.-Aprobar a modificación dos estatutos do Grupo de Acción Local “Terra das Mariñas”.

10.-Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarcas para financiar a creación dunha oficina de xestión de hostalería e turismo e sensibilización dos axentes sociais do territorio Eume-Ferrol-Ortegal.

## **Economía, Facenda e Especial de Contas**

11.-Aceptación da ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello de Arteixo.

12.-Aceptación da ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello de Neda.

13.-Aceptación da delegación de competencias municipais para a reclamación ao Ministerio de Economía e Facenda, pola bonificación do 95% do imposto sobre bens inmobles (IBI) ás autoestradas. Concello: Cabanas.

14.-Modificación do apartado segundo do acordo plenario do 20.05.09, sobre prestación aos concellos da provincia do servizo de instrución dos expedientes por sancións municipais de tráfico.

15.-Aprobación da incorporación da Deputación Provincial da Coruña ao Proxecto ANCORIM.

16.-Dar conta da aprobación definitiva dos estados e contas anuais do exercicio 2008 da FAEPAC.

17.-Convenio coa Asociación Centro Cultural-Social Juan XXIII de Santiago para finalizar as obras de reforma do albergue de transeúntes.

18.-Convenio coa Fundación Monte do Gozo, para cofinanciar a reforma da comunidade terapéutica de Proxecto Home en Val do Dubra.

19.-E.M.C. 4/09 e modificación das subvencións nominativas recollidas na Base 48ª de execución do Orzamento provincial do exercicio 2009, de aprobación polo Pleno da Corporación.

20.-Taxas e prezos públicos para o exercicio 2010.

## **Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento**

21.-Aprobación da segunda fase do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociada ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2).

22.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Instalación de céspede artificial no campo de fútbol municipal” do Concello de Sada, incluída no Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipal 2006. Código 06.3240.0012.0.

23.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Ximnasio en Curtis” do Concello de Curtis, incluída na 2ª e última fase da anualidade 2005 da primeira programación.

plurianual da obras que ha de contratar a Deputación incluída no IV convenio de cooperación subscrita entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais. Código 05.7450.0011.0.

24.-Toma de coñecemento do informe emitido o 23 de setembro de 2009 sobre o “Plan de control interno dos proxectos de gasto incluído no proxecto Mandeo: o río como eixe dinamizador 2008-2010”, en relación co disposto no artigo 13 do Regulamento CE 1828/2006 da Comisión.

25.-Proposta da Presidencia para o estudo da forma de xestión do Mosteiro de Caaveiro.

26.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial e o Concello de Outes para financiar as obras incluídas no proxecto de “Rehabilitación da Casa do Concello” anualidade 2009.

#### **Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

27.-Concesión dun prazo de 20 días ao Concello de Zas para a remisión da documentación dos proxectos que se incluírán no Plan de travesías provinciais 2008-2011: Mellora da seguridade viaria da EP 9302 de Zas a Romelle e Forcadela PK 0,470 ao PK 0,700. Zas.

28.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2009 5ª fase, 1ª relación, cun orzamento total de 120649,61.- euros, integrado por dous proxectos.

29.-Aprobación do proxecto reformado de proxecto modificado de mellora da seguridade viaria na DP 0205 de Bertamiráns á Ramallosa. Proxecto de glorieta na intersección da Bola, Ames (Código do proxecto reformado 0811100007.1).

30.-Aprobación do proxecto reformado de ampliación e mellora de trazado da DP 8401 do PK 11,340 ao PK 14,740 da Tablilla ao Agro do Mestre por Pontepedra, Tordoia e Trazo (Código do proxecto reformado 0811100004.1).

31.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2009 10ª fase: complementario do proxecto travesía na DP 7803 Santiago a Figueiras PQ 3,52 ao 4,00 (Santiago de Compostela).

32.-Aprobación técnica dos proxectos que integrarán o Programa de vías provinciais 2009-2011: construción de glorieta no cruzamento do Vilar na DP 7305 (Ribeira) e solicitar á Xunta a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización da obras.

33.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2009, primeira fase, integrado por seis proxectos.

34.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2009 7ª fase: proxecto modificado do de mellora da seguridade viaria da EP 1002 de Boimorto a Muros pola Gándara, PK 0+000 ao PK 0+860. Boimorto (0811300005.0).

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 30 DE OUTUBRO DE 2009

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 30 de outubro de 2009, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTEs:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON JUAN MANUEL BALEATO IGLESIAS	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP

DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretaria accidental, dona M<sup>a</sup> Amparo C. Taboada Gil, oficial maior da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, a Sra. Secretaria accidental le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, DON JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ.**

#### Sra. secretaria accidental

Recibiuse na Secretaría Xeral desta Deputación unha credencial expedida polo presidente da Xunta Electoral Central na que se acredita que foi designado deputado provincial D. José Manuel Traba Fernández, en substitución por renuncia de dona Carmen Borbujo Martínez por estar incluído na listaxe de candidatos presentados polo Partido Popular ás eleccións locais do 27 de maio de 2007. Doutra banda, D. José Manuel Traba Fernández cumpriu o que se dispón no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que sinala que todos os membros das corporacións locais formularán antes da toma de posesión declaración sobre causa de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou lles poidan proporcionar ingresos económicos e formularán, así mesmo, declaración dos seus bens patrimoniais.

O Sr. Traba Fernández entra no salón de sesións e toma posesión do seu cargo, xura o desempeño deste lendo a fórmula, impónselle seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

#### Sr. presidente

Se me permiten, pediría que constase na acta o agradecemento do Pleno á deputada Sra. Borbujo pola súa presenza nesta Corporación e polos traballos desenvolvidos durante a súa pertenza á Deputación e darlle a benvida publicamente a

José Manuel Traba Fernández, alcalde de Fisterra, un vello coñecido de moitos anos e desexarlle que poña todo o seu saber e todo o seu entender ao servizo da provincia e dos cidadáns da provincia.

## **2.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 9/09, DO 25 DE SETEMBRO.**

### INTERVENCIONS

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras.e Sres. deputados, é para unha corrección dentro da acta. Na moción que presentei eu aparece 5.000 millóns de euros do Plan ERE, eu a verdade que non quero facer ningún tipo de ERES, era no Plan FEIL, unha corrección. Téñoo aquí e despois pásollo. Nada máis, moitas grazas.

Sr. presidente

Non fai falta explicalo, supoño que diría FEIL.

### ACORDO

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 9/09, do 25 de setembro.

## **3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 18.601 Á Nº 20.100, DE 2009.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 18.601 á nº 20.100, de 2009.

## **4.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2009.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os escritos recibidos dos concellos de Arteixo, Ferrol, Fisterra, Oroso, Padrón, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, Santiago de Compostela e Valdoviño nos que se comunica que existen dificultades para a adxudicación das 19 obras, que máis adiante se indican, incluídas todas elas no POS 2009 que foi aprobado por acordo plenario do 27 de febreiro de 2009, cofinanciado polo MPT, Deputación préstamo, Deputación fondos propios e Concello.

Considerando que no RD 835/2003 se prevé a posibilidade de que a subvención do MPT alcance ata o 40% o 50% do presuposto de cada proxecto en función do tipo de obra de que se trate.



Tendo en conta que hai outras 2 obras dos concellos de Oleiros e Ribeira ás que se lles podería aplicar a subvención do MPT inicialmente prevista para as obras que máis adiante se indican, realizando unicamente axustes da distribución interna do financiamento, sen que isto afecte en absoluto aos seus importes totais.

1.- Aprobar a modificación da distribución interna do financiamento do POS 2009, aprobado por acordo plenario do 27 de febreiro de 2009, cofinanciado entre o MPT, Deputación préstamo, Deputación fondos propios e Concello, no sentido seguinte:

- Nas obras nº 13-16 e 17 do Concello de Arteixo, 108 do Concello de Ferrol, 110 do Concello de Fisterra, 186 do Concello de Oroso, 207 e 208 do Concello de Padrón, 220 do Concello de Pontedeume, 222-223-224-225 e 226 do Concello das Pontes de García Rodríguez, 254-255-256, 258 do Concello de Santiago de Compostela e 288 do Concello de Valdoviño, elimínase a subvención do MPT e incrementábase na mesma contía a achega da Deputación fondos propios, sen que iso afecte aos importes totais destas 19 obras.

Concello: Arteixo			
Denominación: Senda peonil cruzamento Foxo a Barreiras e o.			
Código: 09.2100.0013.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	9.606,66	0,00	-9.606,66
Deputación préstamo	22.809,32	22.809,32	0,00
Deputación fondos propios	32.493,86	42.100,52	9.606,66
Concello	19.728,54	19.728,54	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>84.638,38</b>	<b>84.638,38</b>	<b>-0,00</b>

Concello: Arteixo			
Denominación: Senda peonil Uxes (Pte. baixo ferrocarril)			
Código: 09.2100.0016.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	4.295,68	0,00	-4.295,68
Deputación préstamo	10.199,35	10.199,35	0,00
Deputación fondos propios	14.529,86	18.825,54	4.295,68
Concello	8.821,76	8.821,76	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>37.846,65</b>	<b>37.846,65</b>	<b>0,00</b>

Concello: Arteixo			
Denominación: Acr. Avda. Butano (Bar Novo-Trav. Meicende)			
Código: 09.2100.0017.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	4.318,95	0,00	-4.318,95
Deputación préstamo	10.254,58	10.254,58	0,00
Deputación fondos propios	14.608,55	18.927,50	4.318,95
Concello	8.869,53	8.869,53	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>38.051,61</b>	<b>38.051,61</b>	<b>0,00</b>

Concello: Ferrol			
Denominación: Acond. Campo de Chao a CEIP San Xoán			
Código: 09.2100.0108.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	38.633,02	0,00	-38.633,02
Deputación préstamo	91.727,32	91.727,32	0,00
Deputación fondos propios	130.673,59	169.306,61	38.633,02
Concello	369.434,85	369.434,85	0,00

<b>TOTAL</b>	<b>630.468,78</b>	<b>630.468,78</b>	<b>-0,00</b>
Concello: Fisterra			
Denominación: Pav. Mell. san. auga último cl. Centolo e o.			
Código: 09.2100.0110.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	10.449,40	0,00	-10.449,40
Deputación préstamo	24.810,27	24.810,27	0,00
Deputación fondos propios	35.344,39	45.793,79	10.449,40
Concello	5.025,55	5.025,55	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>75.629,61</b>	<b>75.629,61</b>	<b>0,00</b>
Concello: Oroso			
Denominación: Mell.rede viaria prrq. Trasmonte e Deixebre			
Código: 09.2100.0186.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	10.937,12	0,00	-10.937,12
Deputación préstamo	25.968,28	25.968,28	0,00
Deputación fondos propios	36.994,08	47.931,20	10.937,12
Concello	26.038,63	26.038,63	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>99.938,11</b>	<b>99.938,11</b>	<b>-0,00</b>
Concello: Padrón			
Denominación: Saneamento e abastecemento Pedroso sur			
Código: 09.2100.0207.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	26.590,92	0,00	-26.590,92
Deputación préstamo	63.135,47	63.135,47	0,00
Deputación fondos propios	89.941,98	116.532,90	26.590,92
Concello	15.336,19	15.336,19	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>195.004,56</b>	<b>195.004,56</b>	<b>0,00</b>
Concello: Padrón			
Denominación: Pluviais en Herbón			
Código: 09.2100.0208.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	4.749,43	0,00	-4.749,43
Deputación préstamo	11.276,69	11.276,69	0,00
Deputación fondos propios	16.064,63	20.814,06	4.749,43
Concello	2.739,21	2.739,21	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>34.829,96</b>	<b>34.829,96</b>	<b>0,00</b>
Concello: Pontedeume			
Denominación: Pav. cm. Camoucelo e cm. de Frade (Boebre)			
Código: 09.2100.0220.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	5.025,03	0,00	-5.025,03
Deputación préstamo	11.931,05	11.931,05	0,00
Deputación fondos propios	16.996,81	22.021,84	5.025,03
Concello	1.786,99	1.786,99	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>35.739,88</b>	<b>35.739,88</b>	<b>-0,00</b>
Concello: As Pontes de García Rodríguez			
Denominación: Renov. servizos e pav. Ada. Coruña 1ª F			
Código: 09.2100.0222.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	24.484,22	0,00	-24.484,22
Deputación préstamo	58.133,48	58.133,48	0,00
Deputación fondos propios	82.816,23	107.300,45	24.484,22
Concello	8.870,94	8.870,94	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>174.304,87</b>	<b>174.304,87</b>	<b>0,00</b>
Concello: As Pontes de García Rodríguez			
Denominación: Mell. serv. e pav. Poboado Magdalena 3ªF			
Código: 09.2100.0223.0	Financiamento	Financiamento	Diferenza

	inicial	modificado	
Estado	23.832,10	0,00	-23.832,10
Deputación préstamo	56.585,14	56.585,14	0,00
Deputación fondos propios	80.610,49	104.442,59	23.832,10
Concello	8.634,67	8.634,67	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>169.662,40</b>	<b>169.662,40</b>	<b>-0,00</b>
Concello: As Pontes de García Rodríguez			
Denominación: Renov., pav. cl. Telleira Rep. Tub. Cobelos 2F			
Código: 09.2100.0224.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	10.049,21	0,00	-10.049,21
Deputación préstamo	23.860,10	23.860,10	0,00
Deputación fondos propios	33.990,79	44.040,00	10.049,21
Concello	3.640,96	3.640,96	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>71.541,06</b>	<b>71.541,06</b>	<b>0,00</b>
Concello: As Pontes de García Rodríguez			
Denominación: Cub. Local social AA.VV. Cal de Avelaiña			
Código: 09.2100.0225.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	5.745,70	0,00	-5.745,70
Deputación préstamo	13.642,15	13.642,15	0,00
Deputación fondos propios	19.434,42	25.180,12	5.745,70
Concello	2.081,74	2.081,74	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>40.904,01</b>	<b>40.904,01</b>	<b>0,00</b>
Concello: As Pontes de García Rodríguez			
Denominación: Mell. pav. cl. Antonio Machado, ac. local Goente			
Código: 09.2100.0226.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	9.273,25	0,00	-9.273,25
Deputación préstamo	22.017,70	22.017,70	0,00
Deputación fondos propios	31.366,15	40.639,40	9.273,25
Concello	3.359,82	3.359,82	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>66.016,92</b>	<b>66.016,92</b>	<b>0,00</b>
Concello: Santiago de Compostela			
Denominación: Ref. firme M-36-A-VI Torrebranca (Arins)			
Código: 09.2100.0254.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	25.351,43	0,00	-25.351,43
Deputación préstamo	60.192,53	60.192,53	0,00
Deputación fondos propios	85.749,51	111.100,94	25.351,43
Concello	37.601,01	37.601,01	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>208.894,48</b>	<b>208.894,48</b>	<b>0,00</b>

Concello: Santiago de Compostela			
Denominación: Refuerzo firme rotondas Bornais (Eixo)			
Código: 09.2100.0255.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	15.842,23	0,00	-15.842,23
Deputación préstamo	37.614,59	37.614,59	0,00
Deputación fondos propios	53.585,28	69.427,51	15.842,23
Concello	23.497,05	23.497,05	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>130.539,15</b>	<b>130.539,15</b>	<b>-0,00</b>
Concello: Santiago de Compostela			
Denominación: Ref. firme M-105-V- no Eixo de Abaixo			
Código: 09.2100.0256.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	11.065,81	0,00	-11.065,81

Deputación préstamo	26.273,82	26.273,82	0,00
Deputación fondos propios	37.429,36	48.495,17	11.065,81
Concello	16.412,71	16.412,71	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>91.181,70</b>	<b>91.181,70</b>	<b>-0,00</b>
Concello: Santiago de Compostela			
Denominación: Ref. firme Formaris, Igrexa, Gunín (Enfesta)			
Código: 09.2100.0258.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	13.564,51	0,00	-13.564,51
Deputación préstamo	32.206,55	32.206,55	0,00
Deputación fondos propios	45.881,06	59.445,57	13.564,51
Concello	19.552,96	19.552,96	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>111.205,08</b>	<b>111.205,08</b>	<b>0,00</b>
Concello: Valdoviño			
Denominación: Cm. desde Forno de Carreira de Abaixo e o.			
Código: 09.2100.0288.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	7.032,10	0,00	-7.032,10
Deputación préstamo	16.696,48	16.696,48	0,00
Deputación fondos propios	23.785,60	30.817,70	7.032,10
Concello	3.160,22	3.160,22	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>50.674,40</b>	<b>50.674,40</b>	<b>0,00</b>

- Nas obras nº 179 do Concello de Oleiros e 235 do Concello de Ribeira, increméntase a subvención do MPT e diminúese na mesma medida a achega da Deputación fondos propios sen que isto afecte aos importes totais destas 2 obras nin do plan no seu conxunto.

Concello: Oleiros			
Denominación: Pv. cls. Fonte Álvaro, Sucado, Castelo e o.			
Código: 09.2100.0179.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	70.140,56	201.918,82	131.778,26
Deputación préstamo	166.536,44	166.536,44	0,00
Deputación fondos propios	237.245,71	105.467,45	-131.778,26
Concello	88.006,73	88.006,73	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>561.929,44</b>	<b>561.929,44</b>	<b>0,00</b>

Concello: Ribeira			
Denominación: Pav. e renov. servizos rúa de Galicia			
Código: 09.2100.0235.0	Financiamento inicial	Financiamento modificado	Diferenza
Estado	65.141,49	194.210,00	129.068,51
Deputación préstamo	154.667,02	154.667,02	0,00
Deputación fondos propios	220.336,69	91.268,18	-129.068,51
Concello	92.226,44	92.226,44	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>532.371,64</b>	<b>532.371,64</b>	<b>0,00</b>

2.-Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.-Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

4.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

5.-Unha vez que transcorrese o prazo de 10 días da exposición pública e da remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir as actuacións.”

### **5.-APROBACIÓN DA CORRECCIÓN DO ERRO NO FINANCIAMENTO DA 3ª FASE DA ANUALIDADE 2009 DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o proxecto de Oroso e demais documentación presentada por este concello, destinatario do Plan de cooperación cos concellos (PCC), cuxas bases reguladoras foron aprobadas mediante acordo plenario do 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP nº 128 do 5 de xuño de 2008.

Visto o acordo plenario da aprobación da 3ª fase da anualidade 2009 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011.

Visto o erro producido nese acordo ao transcribir o orzamento e o financiamento da obra do Concello de Oroso, incluída na 3ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) anualidade 2009.

1.- Aprobar o financiamento correcto da obra do Concello de Oroso e modificar as cifras globais da 3ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) anualidade 2009, sendo os importes correctos de ambos os seguintes:

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
OROSO	09.3300.0108.0	ABAST. SAN. VIAL O CRUCEIRO-N 550	<b>235.767,35</b>	<b>26.196,37</b>	<b>261.963,72</b>

<b>TOTAL FINANCIAMENTO 3ª DA ANUALIDADE 2009 PCC</b>	
Achega municipal	266.783,22
Achega deputación	1.948.018,98
<b>Total</b>	<b>2.214.802,20</b>

2.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei de administración local de Galicia.

4.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.”

**6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ESCOLA INFANTIL EN MESOIRO”, DO CONCELLO DA CORUÑA INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007. CÓDIGO: 07.3100.0090.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Escola infantil Mesoiro” do Concello da Coruña, incluído no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007, (código: 07.3100.0090.0), polo seu presuposto de contrata de **1.750.136,31 €**, que implica un incremento de **680.186,92 €** a prezo de contrata e de 605.364,18 € a prezo de adjudicación, e que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da Deputación.”

<b>07.3100.0090.0 Escola infantil Mesoiro (Concello da Coruña)</b>			
	<b>Proxecto inicial</b>	<b>Proxecto reformado nº1</b>	<b>Diferenza</b>
Deputación f.p.	178.721,85	178.721,85	0
Concello	891.227,54	1.571.414,46	680.186,92
<b>TOTAL</b>	<b>1.069.949,39</b>	<b>1.750.136,31</b>	<b>680.186,92</b>

**7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN POUSADOIRO” DO CONCELLO DE ARANGA INCLUÍDO NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008. CÓDIGO: 08.3300.0001.0.**

(Abandona o salón o Sr. García Gorostizu).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Ampliación de saneamento en Pousadoiro” do Concello de Aranga, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008, (código: 08.3300.0001.0), polo seu presuposto de contrata de 137.186,91

€, que implica un incremento de 13.471,78 € a prezo de contrata e de 10.507,99 € a prezo de adxudicación, que é financiado integramente polo Concello de Aranga, permanecendo invariable a achega da Deputación.”

<b>08.3300.0001.0 Ampliación saneamento en Pousadoiro (Concello de Aranga)</b>			
	<b>Proxecto inicial</b>	<b>Proxecto Reformado</b>	<b>Diferenza</b>
Deputación f.p.	117.529,37	117.529,37	0
Concello	6.185,76	19.657,54	13.471,78
<b>TOTAL</b>	<b>123.715,13</b>	<b>137.186,91</b>	<b>13.471,78</b>

**8.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ABASTECIMIENTO DE AUGA A PEDROUZO” DO CONCELLO DE TRAZO, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008. CÓDIGO: 08.3300.0055.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Abastecemento de auga a Pedrouzo” (código:08.3300.0055.0) do Concello de Trazo, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008, cun orzamento de contrata de 117.466,55 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado inicial previsto no proxecto orixinal.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. propios</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
08.3300.0055.0	Trazo	Abastecemento de auga a Pedrouzo	111.593,22	5.873,33	117.466,55

**9.-APROBAR A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL “TERRA DAS MARIÑAS”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Examinado o acordo plenario da Deputación do 27 de outubro de 2005, no que quedou aprobada a incorporación da Deputación ao Grupo de Acción Local Terra das Mariñas, e a proposta de modificación dos estatutos formulada polo grupo o 18 de setembro de 2009.

Aprobar a modificación dos estatutos do Grupo de Acción Local Terra das Mariñas para incluír dentro do artigo 4 – Finalidade- o punto m): “A prestación de servizos de asesoramento ou de xestión ás persoas dedicadas á agricultura, á gandería ou explotación forestal”, co fin de poder inscribir a asociación Terra das Mariñas no Rexistro de Entidades de Aconsellamento da Xunta de Galicia.”

**10.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCAS PARA**

## **FINANCIAR A CREACIÓN DUNHA OFICINA DE XESTIÓN DE HOSTALERÍA E TURISMO E SENSIBILIZACIÓN DOS AXENTES SOCIAIS DO TERRITORIO EUME-FERROL-ORTEGAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarca para financiar o proxecto CREACIÓN DUNHA OFICINA DE XESTIÓN DA HOSTALERÍA E TURISMO E SENSIBILIZACIÓN DOS AXENTES SOCIAIS DO DESTINO EUME-FERROL-ORTEGAL

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 60.000 euros, segundo o seguinte detalle:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2009	0305/751A/489.01	60.000 €

3.- O presente acordo queda condicionado á definitiva entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2009 no que queda habilitado o suficiente con que facer fronte a achega provincial prevista no convenio.

4- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA, PARA FINANCIAR UNHA OFICINA DE XESTIÓN DA HOSTALERÍA E TURISMO E SENSIBILIZACIÓN DOS AXENTES SOCIAIS DO TERRITORIO EUME-FERROL-ORTEGAL.**

A Coruña, de 2009

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, D. Julio Martínez Martínez, como presidente da Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarca.

#### **EXPOÑEN**

Que o sector turístico supón un factor de gran potencialidade no desenvolvemento do territorio Eume-Ferrol-Ortegal e, por extensión, da provincia da Coruña, que a promoción turística e da hostalería do territorio e da formación e sensibilización do empresariado e do resto dos axentes sociais do territorio responde a unha demanda social, así como do seu tecido asociativo, cada vez máis solicitada.

Que a implicación do conxunto do tecido económico e social no mantemento e a posta en valor dos recursos patrimoniais do Eume-Ferrol e Ortegal vai garantir o seu mantemento futuro e a conseguir que o turismo sexa un dos motores económicos do territorio.

Que a área de turismo da Deputación da Coruña pretende contribuír ao incremento da actividade turística na provincia a través da proxección cara ao futuro da formación para garantir a continuidade, apoiando



procesos sostibles no tempo e implicando na xestión do patrimonio a todos os actores das comarcas para facer unha oferta de calidade.

Para contribuír a isto, a Deputación da Coruña impulsará a promoción dos recursos turísticos do territorio e contribuír á formación e sensibilización dos axentes sociais na colaboración e promoción conxunta para lograr o fortalecemento do sector turístico e da hostalería do territorio Eume-Ferrol-Ortegal co fin de lograr un posicionamento do “destino” deste territorio no mercado turístico.

A posta en marcha dunha oficina de Xestión da Hostalería e Turismo e Sensibilización dos Axentes Sociais do Destino Eume-Ferrol-Ortegal pon en valor o sector turístico no territorio da provincia e proxecta unha imaxe coherente e conxunta de todo o territorio.

### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Hostalería de Ferrol e Comarca, para o financiamento da “ Creación dunha oficina de xestión da Hostalería e Turismo e Sensibilización dos Axentes Sociais do Territorio Eume-Ferrol-Ortegal.

### **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCAS**

A ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

<b>CONCEPTO</b>	<b>Nº UNIDADES</b>	<b>PREZO UNITARIO</b>	<b>IMPORTE</b>
<b>1. Gastos de persoal</b>			<b>66.250,00€</b>
1.1.Soldos e salarios	3	47.800,00€	
1.2. Seguridade Social a cargo da entidade	3	16.200,00€	
1.3. Axudas de custo	3	2.000,00€	
1.4. Indemnizacións	1	250,00€	
<b>2. Gastos de bens correntes e servizos</b>		<b>5.750,00 €</b>	<b>5.750,00 €</b>
<b>TOTAL:</b>			<b>72.000,00€</b>

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuír áo financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 83,33%. No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 83,33%, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/751A/489.01, condicionado a aprobación do 4º EXPEDIENTE MODIFICATIVO DE CRÉDITO.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Hostalería de Ferrol e Comarcas obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA deberá solicitar, polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas, de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de Hostalería de Ferrol e Comarca.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á A ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación durante o período, subscriba polo representante legal da Asociación de Hostalería, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

Logo da sinatura deste convenio e acreditando previamente a constitución de fianza dabondo, poderase expedir por adiantado ata o 50 por 100 da subvención concedida. A fianza ou aval deberá cubrir o importe total da cantidade anticipada máis un vinte por cento en concepto de xuros moratorios.

A ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pagamento anticipado se a ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA ten pendente de xustificar unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, se finalizou o prazo previsto, non se presentase a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA deberá ter unha conta bancaria co título "Fondos para atender á actividade...". Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Hostalería de Ferrol e Comarcas para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de Hostalería de Ferrol e Comarcas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Hostalería de Ferrol e Comarcas na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación de Hostalería de Ferrol e Comarca terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A Asociación de Hostalería de Ferrol e Comarcas deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da

identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento co disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento co disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin

de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2010.

2. Previa solicitude da ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCA, realizada, polo menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecidas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da antedita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio aprobouse o

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuádruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA      O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA DE FERROL E COMARCAS

SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA

## **11.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ARTEIXO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Arteixo.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **12.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE NEDA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Neda.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **13.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS MUNICIPAIS PARA A RECLAMACIÓN AO *MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA*, POLA BONIFICACIÓN DO 95% DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) ÁS AUTOESTRADAS. CONCELLO: CABANAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aceptar a delegación presentada polo concello delegante:

⇒ Cabanas.

2) Facultar ao presidente para adoptar as disposicións e actuacións necesarias para levar a efecto as reclamacións.”

## **14.-MODIFICACIÓN DO APARTADO SEGUNDO DO ACORDO PLENARIO DO 20.05.09, SOBRE PRESTACIÓN AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DO**

## **SERVIZO DE INSTRUCCIÓN DOS EXPEDIENTES POR SANCIONES MUNICIPAIS DE TRÁFICO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar o apartado segundo do acordo plenario do 20.05.09 sobre a prestación aos concellos da provincia do servizo de instrucción dos expedientes por sancions municipais de tráfico.

Texto aprobado en maio:

2) Creación da Unidade de Instrucción de Sancions de Tráfico (UISMT), adscrita á Tesourería provincial, para levar a cabo a instrucción dos referidos expedientes. Para dotar de persoal a UISMT incorporaranse na relación de postos de traballo (RPT) que se aprobe xunto co Orzamento de 2010, os postos de nova creación que sexan necesarios para garantir a adecuada prestación do servizo, incorporándose tamén aqueles postos que xa estaban dedicados á xestión de multas dentro do Servizo de Recadación. Provisoriamente, en tanto non sexa efectiva esta medida, asígnanse os cometidos de dirección e posta en marcha desta unidade ao coordinador de Xestión Recadatoria do Servizo de Recadación.

Novo texto:

2) Creación da Unidade de Instrucción de Sancions de Tráfico (UISMT), adscrita á Tesourería provincial, para levar a cabo a instrucción dos referidos expedientes. Para dotar de persoal a UISMT incorporaranse na relación de postos de traballo (RPT) que se aprobe xunto co Orzamento de 2010, os postos de nova creación que sexan necesarios para garantir a adecuada prestación do servizo, incorporándose tamén aqueles postos que xa estaban dedicados á xestión de multas dentro do Servizo de Recadación. Provisoriamente, en tanto non sexa efectiva esta medida, asígnanse os cometidos de dirección e posta en marcha desta unidade á técnica de Organización, María Jesús Sánchez Chouza, actualmente pertencente ao Servizo de Organización, Calidade e Modernización.”

## **15.-APROBACION DA INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO PROXECTO ANCORIM.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Tomar coñecemento da subvención concedida polo *Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional* (FEDER), ao **PROXECTO ANCORIM** dentro do programa “*Programa Transnacional Espazo Atlántico 2007-2013*”. Este proxecto coordinado polo Consello Rexional de Aquitania (Francia) ten un presuposto global de 1.891.752,01€, cunha xestión presupostaria provincial de 52.678,00€.

Cofinanciamento FEDER	34.240,70
Achega Deputación Coruña	18.437,30
Total presuposto Deputación	52.678,00
<b>Total proxecto ANCORIM</b>	<b>1.891.752,01</b>

2º.- Aprobar a posta en marcha do proxecto ANCORIM e facultar á Presidencia para realizar as xestións necesarias para a súa execución, de acordo co seguinte presuposto:

CONCEPTO DO GASTO	AXENTE FINANCIADOR	ANO 2009	ANO 2010	ANO 2011	TOTAL
GASTOS DE PERSOAL	FEDER	2.337,40€	3.668,60€	1.688,70€	<b>7.694,70</b>
	RECURSOS PROPIOS	1.258,60€	1.975,40€	909,30€	<b>4.143,30</b>
CONTRATOS DE SERVICIOS	FEDER	9.943,70€	8.970,00€	7.632,30€	<b>26.546,00</b>
	RECURSOS PROPIOS	5.354,30€	4.830,00€	4.109,70€	<b>14.294,00</b>
<b>TOTAL DO PROXECTO</b>		<b>18.894,00€</b>	<b>19.444,00€</b>	<b>14.340,00€</b>	<b>52.678,00</b>

## **16.-DAR CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ESTADOS E CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 2008 DA FAEPAC.**

Dáse conta ao Pleno da aprobación definitiva dos estados de contas anuais do exercicio 2008 da FAEPAC.

## **17.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII DE SANTIAGO PARA FINALIZAR AS OBRAS DE REFORMA DO ALBERGUE DE TRANSEÚNTES.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o texto do seguinte convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Centro Cultural-Social Juan XXIII para a reforma do albergue de transeúntes situado en Santiago.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E ASOCIACION CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII PARA A REFORMA DO ALBERGUE DE TRANSEÚNTES SITUADO EN SANTIAGO**

A Coruña, na sede da Excma. Deputación provincial,.....de.....

#### **REUNIDOS.**

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. ....da ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII de Santiago.



## **EXPOÑEN**

A Excm. Deputación Provincial da Coruña é competente para levar a cabo este convenio, conforme a Lei de bases de réxime local 7/85, art. 35, e a Lei 5/97 de administración local de Galicia, arts. 109 e 118,

Na Lei de servizos sociais 13/2008, art. 63, establécese que lles corresponde ás deputacións proporcionar asistencia aos concellos na execución das súas competencias, entre as que están os programas de servizos de albergues de transeúntes para persoas sen recursos.

A ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII, ten entre os seus fins a asistencia gratuíta aos sectores marxinados proporcionando aloxamento, así como a colaboración con entidades dedicadas a estes sectores.

Ambas as dúas entidades fórmulanse unha colaboración con base nas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL- SOCIAL JUAN XXIII, CIF G-15041593- para o financiamento da OBRA DE REFORMA E MELLORA DO TELLADO, CALEFACCIÓN, ASEOS E PAVIMENTOS DO ALBERGUE PARA PERSOAS SEN RECURSOS tal como aparece definida esta no informe técnico e presuposto redactado polo arquitecto don Natalio Saludes, director da obra indicada.

A ASOCIACION dispón do edificio e é a promotora da obra, polo que se obriga a obter, con carácter previo as autorizacións administrativas que sexan necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que corresponda devengar por tal causa.

### **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS SUBVENCIONADAS**

O presuposto total da execución de contrata da obra é de 135.262,57 euros, IVE incluído, que se levará a cabo segundo o presuposto ao que se fai referencia na cláusula anterior, a Deputación financiará ata un importe de 35.000,00 euros, detallado por conceptos, do seguinte xeito:

- ALBANELARÍA p. baixa ..... 7.286,52 E.

- PAVIMENTOS E REVESTIMENTOS. P. B .....	4.865,28
- FONTANERIA E SANITARIOS. P. B .....	3.389,90
- MOBILIARIO E ACCESORIOS. P. B .....	1.010,60
- FALSOS TEITOS p.b .....	2.578,68
- CARPINTERIA MADEIRA P.B .....	95,30
- DEMOLICIÓNS P. PRIMEIRA .....	6.008,45
- ALBAÑELERIA, p.p .....	13.299,09
- PAVIMENTOS E REVESTIMENTOS P.P .....	22.267,95
- FONTANERIA E SANITARIOS. P.P .....	8.594,02
- CARP MADEIRA E TRESPA.,P.P .....	10.553,00
- MOBILIARIO BAÑOS E ACCESORIOS.,P.P .....	2.837,69
- DEMOLICIÓNS E PREVIOS,ASCENSOR .....	784,00
- CUBERTA .....	14.417,47
TOTAL EXE MAT. ....	97.987,95
Gastos xerais .....	12.738,43
Benefi. industrial .....	5.879,28
IVE. 16% .....	18.656,91
TOTAL .....	135.262,57 euros.

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras da primeira fase, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 35.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 25,88%.

No momento de proceder ao pagamento da subvención, no caso de que o gasto xustificadado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 25,88% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/313M/789.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

2. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificadado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- COMPROMISOS DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotora, corresponderalle á ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29,7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Con carácter previo á contratación, A ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. A ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII asume o compromiso de manter o centro destinado aos fins indicados, polo menos, durante DEZ anos.

4. A ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII comprométese a solicitar as licenzas e permisos correspondentes á actividade, e a respectar a legalidade vixente en materia de ordenación urbanística, protección do medio natural e respecto ao patrimonio histórico- artístico.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, A ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra total de reforma interior das instalacións da residencia, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da colaboración da Deputación provincial. O texto estará redactado en galego.

## **VI.- PAGO E XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN**

1. A achega da Deputación aboaráselle á ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII despois da sinatura do convenio, unha vez rematada a obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial.

2. Para tal efecto, a ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia das ofertas recibidas para a contratación da realización da obra, de non figurar xa no expediente do convenio.
- Certificacións da obra realizada acompañada de relación valorada subscrita polo técnico-director das obras.
- Factura do importe correspondente, expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

As certificacións de obra e as facturas poden corresponder á obra realizada antes da sinatura do convenio, sempre que se correspondan cos conceptos relacionados na cláusula segunda.

- Certificación do acordo de aprobación da factura, presentado polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA, se non está en vigor a acreditación subministrada para a sinatura do convenio.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira, de non telo feito xa.
- Así mesmo, coa derradeira certificación das obras desta primeira fase, deberase subministrar a acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade durante a execución da obra, dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Acordo tomado pola ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII, comprometendo a colocación ao finalizar as obras de reforma do centro, da placa en lugar visible na que se reflecta a colaboración da Deputación, así como de manter a afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención, polo menos, por un prazo de dez anos.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as obras a ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo máximo de DOUS MESES a partir do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACION CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderase realizar mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDO**

1. A ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na Base 54ª das de execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 €, se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á base de datos nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACION CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos durante un ano, a partir da súa sinatura.

2. Previa solicitude da ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XXIII , realizada, polo menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio, corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno de la Corporación na sesión celebrada o día

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuádruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O
Salvador Fernández Moreda	



2º.- Facultar ao presidente para a sinatura do convenio e para os actos que requiran a súa execución.”

**18.-CONVENIO COA FUNDACIÓN MONTE DO GOZO, PARA COFINANCIAR A REFORMA DA COMUNIDADE TERAPÉUTICA DE PROXECTO HOME EN VAL DO DUBRA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o texto do seguinte convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Monte do Gozo, para a reforma da comunidade terapéutica de Proxecto Home en Cernadas (Val do Dubra).

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACION MONTE DO GOZO, PARA FINANCIAR A OBRA DA REFORMA DE ASEOS E DORMITORIOS DA Á ESQUERDA DO EDIFICIO PRINCIPAL DA COMUNIDADE TERAPÉUTICA PARA A ATENCIÓN A PERSOAS CON TOXICOMANÍAS, SITUADA NO LUGAR DE CERNADAS, CONCELLO DE VAL DO DUBRA**

A Coruña, na sede da Excma. Deputación Provincial, .....de.....

**REUNIDOS**

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.  
D. ....presidente do padroado da FUNDACION MONTE DO GOZO- Proxecto Home Galicia.

**E X P O Ñ E N**

A Excma. Deputación Provincial da Coruña é competente para levar a cabo este convenio, conforme a Lei de bases de réxime local 7/85, art. 35, e a lei 5/97 de administración local de Galicia, arts. 109 e 118.

Na Lei de servizos sociais 13/2008, art. 63, establécese que lles corresponde ás deputacións proporcionar asistencia aos concellos na execución das súas competencias, entre as que están os programas de servizos de atención ás toxicomanías.

A Fundación Monte do Gozo, a través de Proxecto Home ten entre as súas fins a atención integral a mozos marxinados e en estado de necesidade, así como en particular, ás persoas que padecen drogadiccións.

Ambas as dúas entidades formúlense unha colaboración con base nas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FUNDACION MONTE DO GOZO, CIF G-15258213- para o financiamento da OBRA DE REFORMA DE ASEOS E DORMITORIOS DA Á ESQUERDA DO EDIFICIO PRINCIPAL DA COMUNIDADE TERAPÉUTICA PARA A ATENCIÓN A PERSOAS CON TOXICOMANÍAS, SITUADA NO LUGAR DE CERNADAS, CONCELLO DO VAL DO DUBRA, tal como aparece definida esta no proxecto BÁSICO E no ANEXO ao proxecto básico, redactado polos arquitectos DON LUIS VÁZQUEZ ASTRAY E DONA BEATRIZ VÁZQUEZ ASTRAY que foi visado polo COLEXIO DE ARQUITECTOS o 29 de xullo 2009.

A Fundación Monte do Gozo, na súa condición de titular do edificio, e promotora da obra, obrígase a obter, con carácter previo, as autorizacións administrativas que sexan necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística e a satisfacer as taxas e impostos que corresponda devengar por tal causa.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS SUBVENCIONADAS

O presuposto total da execución de contrata da obra é de 201.142,09 euros (IVE incluído), que se levará a cabo segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, a Deputación financiará ata un importe de 145.000,00 euros, detallado por conceptos, do seguinte xeito:

- DEMOLICIÓN	16.749,77
- ALBANALERÍA E FALSOS TEITOS	28.432,87
- FONTANARÍA	7.802,77
- CALEFACCIÓN	1.000,00
- INSTA. ELÉCTRICA	8.386,69
- AZULEXADOS E PAVIMENTOS	18.811,53
- SANITARIOS E ACCESORIOS	6.516,62
- CARPINTERÍA INTERIOR	32.906,72
- PINTURAS	3.327,71
- VARIOS	3.369,04
- XESTION REFUGALLOS	85,44
- ANEXO PAVIMENTOS DORMITORIO/ASEOS	18.323,74
Gastos xerais (13%)	18.942,68
Beneficio industrial..(6%)	8.742,77
IVE. 16%	27.743,74
<b>TOTAL</b>	<b>201.142,09 Euros.</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras da primeira fase, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 145.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 72.09%,

No momento de proceder ao pagamento da subvención, no caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 72,09% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade

xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/313M/789.01 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

2. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- COMPROMISOS DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotora, corresponderalle á FUNDACION MONTE DO GOZO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29,7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Con carácter previo á contratación, A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO asume o compromiso de manter o centro destinado aos fins indicados, polo menos, durante DEZ anos.

4. A Fundación MONTE DO GOZO comprométese a solicitar as licenzas e permisos correspondentes á actividade e a respectar a legalidade vixente en materia de ordenación urbanística, protección do medio natural e respecto ao patrimonio histórico- artístico.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25

metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra total de reforma interior das instalacións da residencia, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da colaboración da Deputación provincial. O texto estará redactado en galego.

## **VI.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN**

1. A achega da Deputación aboaráselle á FUNDACIÓN MONTE DO GOZO despois da sinatura do convenio, unha vez rematada a obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial.

2. Para tal efecto, a FUNDACIÓN MONTE DO GOZO deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e das ofertas recibidas para a contratación da realización da obra, de non constar xa no expediente do convenio.
- Certificacións da obra realizada acompañada de relación valorada subscrita polo técnico-director das obras.
- Factura do importe correspondente, expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.  
As certificacións de obra e as facturas poden corresponder a obra realizada antes da sinatura do convenio, sempre que se correspondan cos conceptos relacionados na cláusula segunda.
- Certificación do acordo de aprobación da factura, presentado polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA, se non está en vigor a acreditación subministrada para a sinatura do convenio.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira, de non telo feito xa.
- Así mesmo, coa derradeira certificación das obras desta primeira fase, deberase aportar acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade durante a execución da obra, dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Acordo tomado pola Fundación Monte do Gozo, comprometendo a colocación, ao finalizar as obras de reforma do centro, da placa en lugar visible na que se reflicte a colaboración da Deputación, así como de manter a afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención, polo menos, por un prazo de dez anos.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as obras da primeira fase, a FUNDACIÓN MONTE DO GOZO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo máximo de DOUS MESES, a partir do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN MONTE DO GOZO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FUNDACIÓN MONTE DO GOZO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN MONTE DO GOZO na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN MONTE DO GOZO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN MONTE DO GOZO deberá contar, polo menos, cun rexistro

cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN MONTE DO GOZO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FUNDACION MONTE DO GOZO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 54<sup>a</sup> das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACION MONTE DO GOZO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á base de datos nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACION MONTE DO GOZO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos durante un ano, a partir da súa sinatura.
2. Previa solicitude da FUNDACION MONTE DO GOZO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno de la Corporación en sesión celebrada o día

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O
Salvador Fernández Moreda	

2º.- Facultar ao presidente para a sinatura do convenio e para os actos que requiran a súa execución.”



**19.-E.M.C. 4/09 E MODIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NA BASE 48ª DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2009, DE APROBACIÓN POLO PLENO DA CORPORACIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 4/09 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 2.813.565,12€ e que ofrece o seguinte resumo:

**A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO**

**A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):**

CE. Créditos extraordinarios..... 60.000,00  
SC. Suplementos de crédito.....2.753.565,12  
0,00

**Total de aumentos:..... 2.813.565,12**

**A.2) Baixas (fontes de financiamento):**

B.A. Baixas por anulación..... 2.813.565,12  
RX Remanente de tesourería para gastos xerais:

**Total financiamento:.....2.813.565,12**

## **B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE INGRESOS E GASTOS**

### **B.1 Resumo por capítulos do estado de gastos**

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal		
2. Gastos correntes	100.000,00	
3. Gastos financeiros		1.302.505,43
4. Transferencias correntes	1.520.771,06	340.000,00
6. Investimentos reais	1.047.384,76	
7. Transferencias de capital		1.171.059,69
8. Activos financeiros		
9. Pasivos financeiros		
<b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>	<b>2.813.565,12</b>	<b>2.813.565,12</b>

### **B.2 Resumo por capítulos do estado de ingresos**

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	
9. Pasivos financeiros	
<b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>	<b>0,00</b>

2º.- Modificación da Base 48ª de execución do Orzamento provincial.

2º-1 Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 48ª do Orzamento Provincial do exercicio 2009 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do Regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0104/463C/789.01	Asoc. benéfico cultural do Partido de Corcubión-Arentina	T000000042	Adecuación instalacións no local social	37.873,80	47.342,24	80,00
0104/463C/789.01	Fogar galego para anciáns Bos Aires – Arentina	T000000028	Adquisición dun vehículo equipado para ambulancia, traslado maiores	32.287,00	40.358,75	80,00
0202/432E/762.01	Concello de Dodro	P1503300D	Adaptación ou mellora parques infantís	58.650,55	69.000,65	85,00

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0305/463B/762.01	Concello de Boiro	P1501100J	Centro de formación na hostalería e viveiro empresas anexo	340.000,00	425.000,00	80,00
0305/751C/489.01	Asoc. empresarios hostalería Ferrol e comarca	G15092513	Creación dunha oficina da xestión da hostalería e turismo	60.000,00	72.000,00	83,33
0701/313M/789.01	Asoc. centro cultural-social Juan XXIII de Santiago	G15041593	Rematar as obras de reforma do albergue de transeúntes	35.000,00	135.262,57	25,88
<b>TOTAL</b>				<b>563.811,35</b>		

2º-2- Dar de baixa as subvencións nominativas seguintes:

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0202/432D/762.01	Concello de Outes	P1506300A	Rehabilitación Casa do Concello anualidade 2008	100.000,00	1.256.881,81	7,95
0305/452A/762.01	Concello de Culleredo	P1503100H	Remodelación de: "Adaptación CTE decreto de accesibilidade de enerxías renovables do polideportivo Sofía Casanova"	400.000,00	490.561,71	81,54
0305/751A/762.01	Concello de Zas	P1509400F	Ampliación paseo fluvial	278.265,63	278.265,63	100,00
0305/751A/789.01	Asoc. hosteleros Ferrol-Ortegal-Eume	G15092513	Investimento no centro de hostalería	100.000,00		
<b>TOTAL</b>				<b>878.265,63</b>		

2º-3 Modificar as subvencións nominativas seguintes:

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0104/330B/489.01	Asoc. solidariedade galega co pobo saharauí (1)	G15924558	Proxecto vacacións en paz	30.000,00	75.400,00	39,79
0202/452D/762.01	Concello de Cambre (3)	P1501700G	Proxecto Casa da Cultura de Cambre	800.000,00	3.306.499,73	24,19
0202/911E/462.01	Concello de Santiago (2)	P1507900G	Redacción do proxecto de recuperación do casco histórico	85.409,30	106.761,63	80,00
0202/911E/762.01	Concello de Outes (1)	P1506300A	Rehabilitación da Casa do Concello anualidade 2009	300.000,00	514.993,14	58,25
0305/451E/489.01	Asoc. artesáns do Eume (3)	G15893084	Investigación sobre oficios tradicionais e uso dos recursos naturais	25.000,00	58.000,00	43,10
0601/452C/762.01	Concello de Culleredo (1)	P1503100H	Polideportivo colexio Ría do Burgo (1ª Fase)	81.802,43	288.372,00	35,25
0601/452C/762.01	Concello de Culleredo (1)	P1503100H	Polideportivo Almeiras	525.582,83	891.917,75	58,93
0701/313M/789.01	Fundación Monte do Gozo (3)	G15258213	Reforma de aseos e dormitorios primeira planta á esquerda do edificio principal-Val do Dubra Proxecto Home	145.000,00	201.142,09	72,09

\*(1) Modifícase o presuposto subvencionado e á porcentaxe.

\*(2) Modifícase a partida presupostaria e o obxecto da subvención.

\*(3) Modifícase o obxecto, o presuposto subvencionado e á porcentaxe.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades locais, para dar cumprimento ao disposto no artigo 29.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.”

## **20.-TAXAS E PREZOS PÚBLICOS PARA O EXERCICIO 2010.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Non modificar ningunha das tarifas das Ordenanzas fiscais e reguladoras de Prezos Públicos da Deputación Provincial, polo que durante o exercicio 2010, seguirán en vigor as mesmas tarifas que no exercicio 2009.”

## **21.-APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE REPOSICIÓN ASOCIADA AO MANTEMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DOS CONCELLOS 2009 (PAC-2).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos (PAC-2), aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 27 de marzo de 2009, cuxo texto íntegro está publicado no BOP nº 74, do 1 de abril de 2009

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta Deputación do 3 de setembro de 2009, relativa á interpretación da base 2 das reguladoras deste plan.

Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases:

1º) Aprobar a segunda fase do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos (PAC-2), aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 27 de marzo de 2009, cuxo texto íntegro está publicado no BOP nº 74, do 1 de abril de 2009.

No anexo I a este acordo relaciónanse as actuacións solicitadas polos concellos que se inclúen nesta segunda fase, estruturadas nun apartado A, no que se conteñen as novas obras ou subministracións, e nun apartado B no que se indica o importe da achega provincial que cada concello destina ao financiamento da achega municipal obrigatoria para participar noutros plans ou programas da deputación ou doutras administracións públicas que teñan como obxecto as actuacións de reposición ou mantemento ou as subministracións indicadas nas bases do plan.

O resumo dos importes totais desta segunda fase do plan é o seguinte:

	Novas actuacións (Anexo I)	Financiamento de achegas municipais (anexo II)	TOTAL
Deputación	2.224.168,54	120.905,73	2.345.074,27
Concellos	35.808,56		35.808,56
<b>TOTAL</b>	2.259.977,10	120.905,73	2.380.882,83

2º) Aprobar os proxectos técnicos das obras ou os pregos das subministracións incluídas neste plan.

3º) A aprobación definitiva das actuacións do plan base que deseguido se indican queda condicionada ao cumprimento dos requisitos que se detalla para cada unha delas, que deberá acreditarse con carácter previo á súa adxudicación:

Concello e código	Denominación da obra	Importe proxecto	Condición a cumprir
Cedeira. 09.3270.0062.0	Acondicionamento do "Escolar de Piñeiro". Cedeira	42.134,09	<ul style="list-style-type: none"> <li>Obter a autorización da Consellería de Política Territorial e Obras Públicas por estar na zona de afección da estrada AC-566</li> </ul>
Mugaros 09.3270.0077.0	Acd. repa. cm. casco urbano., Castro, Seixo e Seselle.	74.637,60	<ul style="list-style-type: none"> <li>Obter a autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Cultura e Turismo</li> </ul>
Oroso 09.3270.0082.0	Mant.camiños,il.pub.,sa n.viaria e xardinaria.	50.547,29	<ul style="list-style-type: none"> <li><u>No tramo da rúa Ulloa:</u> obter a autorización do organismo autónomo competente en materia de cultura e patrimonio por afectar parcialmente ao trazado do camiño inglés.</li> <li><u>No tramo da Avda. Compostela:</u> obter a autorización do organismo titular da estrada nacional N-550, do Ministerio de Fomento.</li> <li><u>No tramo da Avda. Garabanxa:</u> obter a autorización do Servizo de Vías e Obras. Deputación Provincial da Coruña, por afectar á estrada provincial EP-3801</li> </ul>
Vilasantar 09.3270.0090.0	Repo. e ampl. saneamento de Fielato. Vilasantar	30.845,71	<ul style="list-style-type: none"> <li>Obter a autorización do Servizo de Vías e Obras. Deputación Provincial da Coruña.</li> </ul>

4º) Aprobar o plan complementario ao presente plan, no que se inclúen os investimentos que se relacionan no anexo II a este acordo. Estes investimentos teñen carácter de supletorios e financiarase con cargo aos remanentes que se poidan producir por anulacións de proxectos ou baixas de licitación nas actuacións do plan base do respectivo concello, polo que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

5º) A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9 reguladoras deste plan. Ampliar o prazo establecido na base 7 para a contratación das obras ata o 30 de xuño de 2010.

6º) Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentase ningunha alegación.

7º) Remitir o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.”

#### ANEXO I: PLAN BASE

##### A) OBRAS OU SUBMINISTRACIÓNS

CONCELLO	CÓDIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Betanzos	09.3270.0058.0	Inst. canlz. rede enerxía elec. rúas Cortaduría, Irmandiños...	20.127,97	13.293,53	33.421,50
	09.3270.0059.0	Adq. vehículo con plataforma aérea. Betanzos	55.680,00	0,00	55.680,00
	09.3270.0060.0	Adq. vehículo depósito destinado limpeza Betanzos	33.408,00	0,00	33.408,00
			<b>109.215,97</b>	<b>13.293,53</b>	<b>122.509,50</b>
Carballo	09.3270.0061.0	Reposición camiños parroquias. Concello Carballo	270.623,97	0,00	270.623,97
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>270.623,97</b>	<b>0,00</b>	<b>270.623,97</b>
Cedeira	09.3270.0062.0	Acondicionamento do "Escolar de Piñeiro". Cedeira	42.134,09	0,00	42.134,09
	09.3270.0063.0	Subministración material iluminación pública. Cedeira	63.813,00	0,92	63.813,92
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>105.947,09</b>	<b>0,92</b>	<b>105.948,01</b>
Cereda	09.3270.0064.0	Repa., mant. elem. urb. parcela Centro Cívico. Cereda	116.115,91	0,00	116.115,91
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>116.115,91</b>	<b>0,00</b>	<b>116.115,91</b>
Cesuras	09.3270.0065.0	Mant. equip. e rede viaria Concello Cesuras	48.347,53	269,42	48.616,95
	09.3270.0066.0	Mant. e repa. depuradora mpal. Concello Cesuras	30.522,27	0,00	30.522,27
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>78.869,80</b>	<b>269,42</b>	<b>79.139,22</b>
Coirós	09.3270.0067.0	Repa. rede auga potable Os Currás-Barrio Flores	59.021,06	0,00	59.021,06
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>59.021,06</b>	<b>0,00</b>	<b>59.021,06</b>
Fene	09.3270.0068.0	Subm. tractor con desbrozadora articulada. Fene	94.498,13	6.041,39	100.539,52
	09.3270.0069.0	Subm. dúas cortacéspedes con rozadoras. Fene	28.001,00	2.000,00	30.001,00
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>122.499,13</b>	<b>8.041,39</b>	<b>130.540,52</b>



Irixoa	09.3270.0070.0	Subministración tractor e segadora rozadora. Irixoa	62.577,50	0,00	62.577,50
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>62.577,50</b>	<b>0,00</b>	<b>62.577,50</b>
Laxe	09.3270.0071.0	Adquisición vehículo servizos de policía local. Laxe	22.000,00	8.000,00	30.000,00
	09.3270.0072.0	Adquisición mobiliario ampliación Casa do Concello Laxe	35.378,62	1.621,38	37.000,00
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>57.378,62</b>	<b>9.621,38</b>	<b>67.000,00</b>
Miño	09.3270.0073.0	Pavimentación camiños . Concello Miño	106.857,82	0,00	106.857,82
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>106.857,82</b>	<b>0,00</b>	<b>106.857,82</b>
Moeche	09.3270.0074.0	Adquisición desbrozadora Concello Moeche	27.778,09	2.265,91	30.044,00
	09.3270.0075.0	Repo. collaríns rede xeral abast. Concello Moeche	27.778,08	2.221,92	30.000,00
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>55.556,17</b>	<b>4.487,83</b>	<b>60.044,00</b>
Monfero	09.3270.0076.0	MCR en camiños do Concello de Monfero	109.316,59	0,00	109.316,59
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>109.316,59</b>	<b>0,00</b>	<b>109.316,59</b>
Mugardos	09.3270.0077.0	Acđ. repa. Cm. casco urbano, Castro, Seixo e Seselle	74.637,60	0,00	74.637,60
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>74.637,60</b>	<b>0,00</b>	<b>74.637,60</b>
Muros	09.3270.0078.0	Ampliación camiño da Costa a Pallagueira. Muros	38.469,33	94,08	38.563,41
	09.3270.0079.0	Subm. maquinaria brigada obras. Concello Muros	69.310,00	0,00	69.310,00
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>107.779,33</b>	<b>94,08</b>	<b>107.873,41</b>
Negreira	09.3270.0080.0	Inst. equip. audiovisual e escénico auditorio centro cultural	128.198,36	0,00	128.198,36
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>128.198,36</b>	<b>0,00</b>	<b>128.198,36</b>
Oroso	09.3270.0081.0	Mant. camiños municipais Concello Oroso	48.795,62	0,00	48.795,62
	09.3270.0082.0	Mant. cms. municipais, al. pub, sin. viaria xardinaría	50.547,29	0,00	50.547,29
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>99.342,91</b>	<b>0,00</b>	<b>99.342,91</b>
Outes	09.3270.0083.0	Saneamento na Barreira. Concello Outes	32.245,92	0,01	32.245,93
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>32.245,92</b>	<b>0,01</b>	<b>32.245,93</b>
Paderne	09.3270.0084.0	Repa. cm., san. e al. pub. no Concello de Paderne	58.060,73	0,00	58.060,73
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>58.060,73</b>	<b>0,00</b>	<b>58.060,73</b>
Rois	09.3270.0085.0	Mellora e repo. firme vía AC-301 Igrexa Buxán. Rois	95.659,53	0,00	95.659,53
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>95.659,53</b>	<b>0,00</b>	<b>95.659,53</b>
Santa Comba	09.3270.0086.0	Mant. cms. Boaña Abaixo, Alto Mina, Cícere e Grixoa	60.500,09	0,00	60.500,09
	09.3270.0087.0	Mant. cms. Fornos, Os Pícosos, Frieiro e Boimento	51.455,79	0,00	51.455,79
	09.3270.0088.0	Repa. cm. acc. cmto., repo. col., Ventoso, Castro da Torre	64.340,68	0,00	64.340,68
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>176.296,56</b>	<b>0,00</b>	<b>176.296,56</b>
Trazo	09.3270.0089.0	Conservación cm. Cerdeiras, Piñeiro, Barral e Outeiro	89.216,84	0,00	89.216,84
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>89.216,84</b>	<b>0,00</b>	<b>89.216,84</b>
Vilasantar	09.3270.0090.0	Repo. e ampl. saneamento de Fielato. Vilasantar	30.845,71	0,00	30.845,71
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>30.845,71</b>	<b>0,00</b>	<b>30.845,71</b>

Cariño	09.3270.0091.0	Equipos limpeza e medición turbidez. Concello Cariño	77.905,42	0,00	77.905,42
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>77.905,42</b>	<b>0,00</b>	<b>77.905,42</b>
		<b>TOTAIS</b>	<b>2.224.168,54</b>	<b>35.808,56</b>	<b>2.259.977,10</b>

**B) ACHEGAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS**

CONCELLO	CÓDIGO OBRA	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Laxe	09.3270.0322.0	Achega Plan parques infantís 2009. Obra 12. Laxe	10.350,00		10.350,00
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>10.350,00</b>		<b>10.350,00</b>
Outes	09.3270.0323.0	Achega mpal. saneam. Loios PCC 2009.Obra 80. Outes	12.319,00		12.319,00
	09.3270.0324.0	Achega mpal.saneam. Bocadroña PCC 2009.Obra 81.	10.209,00		10.209,00
	09.3270.0325.0	Achega mpal. saneam. San Lourenzo PCC 2009.Obra 82.	13.178,22		13.178,22
	09.3270.0326.0	Achega mpal. Saneam. Banzas PCC. Concello Outes	16.184,00		16.184,00
	09.3270.0327.0	Achega mpal.Plan iluminación cmp. fútbol.Obra 29	17.980,59		17.980,59
	09.3270.0328.0	Achega mpal Plan parques infantís 2009. Obra 42. Outes	10.584,92		10.584,92
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>80.455,73</b>		<b>80.455,73</b>
Vilasantar	09.3270.0329.0	Achega mpal. reduc. enerxética alumeados. Vilasantar	30.100,00		30.100,00
		<b>SUBTOTAL</b>	<b>30.100,00</b>		<b>30.100,00</b>
		<b>TOTAIS</b>	<b>120.905,73</b>		<b>120.905,73</b>

**C) RESUMO**

<b>A) OBRAS OU ADQUISICIÓNS</b>	<b>2.224.168,54</b>	<b>35.808,56</b>	<b>2.259.977,10</b>
<b>B) ACHEGAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS</b>	<b>120.905,73</b>		<b>120.905,73</b>
<b>TOTAL</b>	<b>2.345.074,27</b>	<b>35.808,56</b>	<b>2.380.882,83</b>

## ANEXO II: PLAN COMPLEMENTARIO

CONCELLO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Cesuras	Aglomerado asfáltico na vía mpal. Rilo a Filgueira de Traba	30.000,16
Monfero	MCR ca. de S. Andrés da Riveira a S. Bartolomé	30.010,34
Muros	Cam. de Trasdacosta a Solleiros	30.247,32
Oroso	Sinalización viaria e xardinaría	30.036,26
Paderne	Reparación camiños en Gas	30.999,32
<b>TOTAL</b>		<b>151.293,40</b>

### **22.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “INSTALACIÓN DE CÉSPEDA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL” DO CONCELLO DE SADA, INCLUÍDA NO PLAN DE HERBA ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAL 2006. CÓDIGO 06.3240.0012.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto técnico reformado da obra “Inst. de céspede artificial no campo de fútbol municipal “do Concello de Sada, incluída no Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2006, código 2006-3240-0012.0, que foi aprobado na sesión plenaria da Deputación o día 30 de novembro de 2006, cun presuposto de contrata de 500.607,00 euros, posto que introduce algunhas variacións nas actuacións contidas no proxecto técnico inicial, aínda que non representan unha modificación no orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto, nin supón unha alteración substancial do contido do proxecto, nin varía a finalidade nin o seu obxecto.”

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Sada	2006-3240-0012.0	Inst. céspede artificial no campo de fútbol municipal	340.000,00	160.607,00	500.607,00

### **23.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “XIMNASIO EN CURTIS” DO CONCELLO DE CURTIS, INCLUÍDA NA 2ª E ÚLTIMA FASE DA ANUALIDADE 2005 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DA OBRAS QUE HA DE CONTRATAR A DEPUTACIÓN INCLUÍDA NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITA ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-**

## **2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. CÓDIGO 05.7450.0011.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Ximnasio de Curtis” do Concello de Curtis, código 05.7450.0011.0, que foi incluída na 2ª fase da anualidade 2005 da primeira programación plurianual das obras que ha contratar a Deputación, incluídas no IV convenio de cooperación subscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais no período 2002 - 2006, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 30 de maio de 2008, cun presuposto de contrata de 256.528,34 euros, xa que introduce algunhas modificacións das actuacións contidas no proxecto técnico inicial, que supoñen unha alteración superior ao 30% do seu contido, pero sen alterar o orzamento da obra nin producir ningunha variación dos seus fins nin das súas características básicas.”

## **24.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME EMITIDO O 23 DE SETEMBRO DE 2009 SOBRE O “PLAN DE CONTROL INTERNO DOS PROXECTOS DE GASTO INCLUÍDO NO PROXECTO MANDEO: O RÍO COMO EIXE DINAMIZADOR 2008-2010”, EN RELACIÓN CO DISPOSTO NO ARTIGO 13 DO REGULAMENTO CE 1828/2006 DA COMISIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o informe emitido o 23 de setembro de 2009 polo equipo desta Deputación encargado de realizar o control do proxecto Mandeo “Posta en valor das conchas fluviais 1ª fase: Río Mandeo” sobre a realización das verificacións esixidas no artigo 13 do Regulamento CE 1828/2006 da Comisión, polo que se desenvolve o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

1.- Tomar coñecemento do contido do informe emitido o 23 de setembro de 2009, que afecta aos pagamentos realizados desde o 21 de maio de 2009 ata o 23 de setembro de 2009, no que se indica que se realizaron as verificacións precisas segundo as listaxes de control facilitadas pola Dirección Xeral de Cooperación Local, sen que exista ningunha incidencia destacable.

2.- Remitir o presente acordo ao Ministerio de Política Territorial para os efectos do seu traslado aos órganos de seguimento do proxecto Mandeo cofinanciado con cargo á convocatoria 2007 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007/2013.”

## **25.-PROPOSTA DA PRESIDENCIA PARA O ESTUDO DA FORMA DE XESTIÓN DO MOSTEIRO DE CAAVEIRO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Esta Presidencia considera que o acceso á cultura recoñecido pola Constitución (art. 44) e á que todos teñen dereito, debe ser promovido mediante a realización e fomento do maior número de actividades culturais, para atender ás demandas que esixe unha sociedade que considera valor prioritario para o desenvolvemento humano o goce da cultura en todas as súas manifestacións.

Como indica a exposición de motivos da Lei 16/85, de patrimonio histórico español, “este é unha riqueza colectiva que contén as expresións máis dignas de aprecio na achega histórica dos españois á cultura universal. O seu valor proporciónao a estima que, como elemento de identidade cultural, merece a sensibilidade dos cidadáns. Porque os bens que o integran convertéronse en patrimoniais debido exclusivamente á acción social que cumpren, directamente derivada do aprecio con que os mesmos cidadáns os foron revalorizando”.

A Deputación, dentro dos seus plans de protección do patrimonio monumental e artístico da provincia, adquiriu, coa finalidade de restauralo e poñelo en valor, o Mosteiro de Caaveiro, en cumprimento do disposto no art. 118.b da Lei 5/1997 de administración local de Galicia

O Mosteiro foi declarado monumento histórico-artístico en 1975, e recentemente concluíron os traballos de restauración deste singular monumento situado no incomparable marco do parque natural das Fragas do Eume, bosque atlántico de espectacular beleza paisaxística e de extraordinario valor ambiental.

Coa adquisición e rehabilitación deste monumento a Deputación dou cumprimento ao disposto no art. 46 da Constitución que establece que os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico-cultural dos pobos de España. E de igual modo, o disposto na Lei 8/1995 do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia, que na súa exposición de motivos indica que esta norma reguladora do patrimonio cultural de Galicia é a expresión xurídica necesaria á especificidade que como nacionalidade histórica posúe en materia cultural, forxada a través dos séculos e precisada na actualidade de preservación, conservación, actualización e difusión para o seu goce social

O obxectivo da rehabilitación, en relación con este monumento, vai máis alá desta actuación, xa realizada, senón que pretende facelo accesible ao maior número de cidadáns para que poida ser visitado nas mellores condicións, poñendo en valor tan singular ben. Nesta liña de actuación, a Deputación vén realizando unha experiencia piloto que resultou moi positiva, como foi a prestación dun servizo de atención a visitantes mediante visitas guiadas cunha afluencia anual de 30.000 persoas aproximadamente que puideron gozar da contemplación do monumento coa explicación da súa historia, arquitectura e valores artísticos.

Completando a posta en valor do monumento, a Deputación finalizou xa a execución do proxecto museístico do Mosteiro de Caaveiro, dotándoo de medios

audiovisuais, paneis, rotulación, sinalización, folletos informativos, deseño de elementos de merchandaising, etc., de tal modo que todos os cidadáns poden ampliar o coñecemento da súa historia, arquitectura, e a súa relación co contorno natural das Fragas do Eume.

Co obxecto de estudar a forma máis adecuada de prestar este servizo, coa maior calidade e eficiencia posibles, potenciar a posta en valor, a rendibilidade e eficiencia na xestión dos recursos, e a súa coordinación coa Xunta de Galicia, e en especial, cos órganos xestores do parque natural, considérase conveniente constituír unha comisión que estude as diversas alternativas para a súa xestión (nos seus aspectos culturais, técnicos, sociais, xurídicos e económicos) e alcanzar de forma óptima estes obxectivos.

Solicitouse a designación de representantes dos grupos políticos e comunicado por parte destes dos seus representantes, xa que logo, propónse a creación desta comisión de estudo coa seguinte composición:

1º.- Presidente, D. Salvador Fernández Moreda

2º.- Vogais ( Deputados)

Polo Grupo Socialista:

Dona MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA  
D. ANTONIO LAGARES PÉREZ, en calidade de suplente.

Polo Grupo Popular:

D. JOSE MANUEL REY VARELA  
D. JESÚS VEIGA SABIN, en calidade de suplente.

Polo B.N.G.:

DONA SILVIA Mª SEIXAS NAIA  
DON XOAN MANUEL SANDE MUÑIZ, en calidade de suplente.

3º.- Vogais (funcionarios)

D. FERNANDO CEBRIÁN DEL MORAL, ARQUITECTO PROVINCIAL  
D. JOSE YÁÑEZ GARCÍA, ARQUITECTO TÉCNICO PROVINCIAL  
D. FELIPE SENÉN LÓPEZ GARCÍA, TÉCNICO DE XESTIÓN CULTURAL  
D. JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS, INTERVENTOR ADXUNTO  
D. ROGELIO LÓPEZ CARDALDA, XEFE DO SERVIZO DE FOMENTO  
D. LUIS JAIME RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, XEFE DO SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN, secretario da Comisión, con voz pero sen voto.

Para concluír, é oportuno traer a colación de novo a Lei de patrimonio histórico nacional para indicar que, na súa exposición de motivos, establece que “todas as medidas de protección e fomento que a lei establece só cobran sentido se, ao final, conducen a que un número, cada vez maior, de cidadáns poida contemplar e gozar das

obras que son herencia da capacidade colectiva dun pobo. Porque nun Estado democrático estes bens deben estar adecuadamente postos ao servizo da colectividade no convencemento de que co seu goce se facilita o acceso á cultura e que esta, en definitiva, é camiño seguro cara a liberdade dos pobos.”

**26.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE OUTES PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE “REHABILITACIÓN DA CASA DO CONCELLO” ANUALIDADE 2009.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ó obxecto e finalidade da actividade a realizar procede,

APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OUTES, para financiar as obras incluídas no proxecto de “REHABILITACIÓN CASA DO CONCELLO. ANUALIDADE 2009”, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 300.000,00€, (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 58,25320% do orzamento total de gastos) que se aboarán de conformidade coa cláusula 6ª e 7ª do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0202/911E/762.01.

A formalización do convenio queda condicionada á aprobación polo Pleno da modificación da achega e do coeficiente de financiamento, así como á existencia de crédito na aplicación orzamentaria 0202/911E/762.01

A vixencia do convenio, que abarcará dende a data da súa sinatura ata o 2/11/2010, queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario 2010.”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OUTES PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DA CASA DO CONCELLO**

, de de 2009

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, o Sr. Carlos López Crespo, alcalde-presidente do Concello de Outes

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## **M A N I F E S T A N**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Outes ambas as dúas partes

## **A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE OUTES, P1506300A, para o financiamento das obras incluídas no proxecto de rehabilitación na casa do concello, tal como aparece definida no proxecto de execución, redactado polo arquitecto D.Jesús Anaya Díaz.

O CONCELLO DE OUTES, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

### **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O presuposto total da execución de contrata da obra correspondente á anualidade 2009, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	373.075,30
GASTOS XERAIS E BENEFICIO INDUSTRIAL	70.884,30
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	71.033,54
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	514.993,14

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 300.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 58,25320 %.

2. No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 58,25320 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras,



coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á dúas aplicacións orzamentarias:

<b>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</b>	<b>IMPORTE</b>
0202/911E/76201	300.000

nas que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE OUTES o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE OUTES axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE OUTES estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Consonte co disposto na Base 55ª.2 das de execución do Orzamento para o ano 2009, ata o 70 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE OUTES pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1 Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3 Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2. Rematada completamente a obra, aboarase o 30 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 4. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- 5. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- 6. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 7. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 8. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- 9. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE OUTES, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención, polo menos, durante un prazo de cinco anos.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE OUTES na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE OUTES terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula NOVENA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE OUTES deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE OUTES para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE OUTES da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O CONCELLO DE OUTES deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CONCELLO DE OUTES destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE OUTES poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE OUTES queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras-actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE OUTES serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á base de datos nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE OUTES será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 02.11.2010.

2. Previa solicitude do CONCELLO DE OUTES, realizada, polo menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE OUTES, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia número do

E en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTES
Salvador Fernández Moreda	Carlos López Crespo.

**27.-CONCESIÓN DUN PRAZO DE 20 DÍAS AO CONCELLO DE ZAS PARA A REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN DOS PROXECTOS QUE SE INCLUIRÁN NO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2008-2011: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA EP 9302 DE ZAS A ROMELLE E FORCADELA PK 0,470 AO PK 0,700. ZAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tendo en conta que na data de hoxe, o Concello de ZAS non remitiu a totalidade da documentación solicitada, quedará condicionada a súa aprobación provisional á remisión da documentación establecida na base 3:

*A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.*

*A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola deputación por delegación do concello.*

*Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterà unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativo por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.*

*B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:*

- a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras, facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.*
- b) Conformidade coas presentes bases.*
- c) Compromiso de aceptación da entrega das obras, unha vez recibidas pola deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.*
- d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.”*

Por todo o que procede:

Conceder un prazo de 20 días, a contar dende a notificación do presente acordo para que o Concello de ZAS remita a esta Deputación a documentación da base 3.:

*A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.*

*A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses, contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola deputación por delegación do concello.*

*Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterà unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativo por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.*

*B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:*

- a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras, facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.*
- b) Conformidade coas presentes bases.*

c) *Compromiso de aceptación da entrega das obras, unha vez recibidas pola deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.*

d) *Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.”*

Todo isto para os efectos de sometelo, unha vez cumprido o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.”

**28.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 5ª FASE, 1ª RELACIÓN, CUN ORZAMENTO TOTAL DE 120649,61.- EUROS, INTEGRADO POR DOUS PROXECTOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESÍAS 2009, 5ª FASE, 1ª RELACIÓN, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun orzamento total de 120649,61.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
COMPLEMENTARIO Nº 1 DA OBRA DE TRAVESIA EN LUAÑA (BRION) NA D.P. 1301 DA GANDARA Á AMAÑECIDA PK 8+850 AO PK 8+740 (0911300009.0)	47.475,44
COMPLEMENTARIO Nº 1 DA OBRA TRAVESIA DE LIÑARES (BRION) NA D.P. 1301 DA GANDARA Á AMAÑECIDA DO PK 0+370 AO PK 0+650 (0911300010.0)	73.174,17
TOTAL	120.649,61

2.- Exponer ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, enténdendose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran, no caso de non presentárense reclamacións.”

**29.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 0205 DE BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA. PROXECTO DE GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA BOLA, AMES (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0811100007.1).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto reformado de proxecto modificado de mellora da seguridade viaria na DP 0205 de Bertamiráns á Ramallosa. Proxecto de glorieta, na intersección da Bola, Ames (código do proxecto reformado 0811100007.1) polo seu orzamento de contrata de 434.661,00.- euros, que representa un incremento respecto ao primitivo, de 64.035,15.- euros.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. (A15352735) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo



orçamento de adxudicación de 314.911,91.- euros, o que representa un incremento respecto ao primitivo de 46.393,47.- euros.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.999,75.- euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, dentro do prazo máximo de 15 días, unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 13.573,82.- euros.”

**30.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA DP 8401 DO PK 11,340 AO PK 14,740 DA TABLILLA AO AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA, TORDOIA E TRAZO (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0811100004.1).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto reformado de ampliación e mellora de trazado da DP 8401 do PK 11,340 ó PK 14,740 da Tablilla ao Agro do Mestre por Pontepedra, Tordoia e Trazo (código do proxecto reformado 0811100004.1) polo seu orzamento de contrata de 560.221,72.- euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 91.312,75.- euros.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S. L. (B15289614) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación, supoñen un novo orzamento de adxudicación de 373.832,42.- euros, o que representa un incremento respecto ao primitivo de 60.932,42.- euros.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva, que queda incrementada na cantidade de 2.437,30.- euros e que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, dentro do prazo máximo de 15 días, unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 14.953,30.- euros.”

**31.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 10ª FASE: COMPLEMENTARIO DO PROXECTO TRAVESÍA NA DP 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS PQ 3,52 AO 4,00 (SANTIAGO DE COMPOSTELA).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2009, 10ª FASE, cun orzamento total de 64.600,78.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
COMPLEMENTARIO DO PROXECTO TRAVESIA NA D.P. 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS PQ 3,52 O 4,00 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	64.600,78
TOTAL	64.600,78

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a súa fase correspondente.

2) Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).”

**32.-APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS QUE INTEGRARÁN O PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011: CONSTRUCCIÓN DE GLORIETA NO CRUZAMENTO DO VILAR NA DP 7305 (RIBEIRA) E SOLICITAR Á XUNTA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DA OBRAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“-Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán o PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA CONECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
CONSTRUCCIÓN DE GLORIETA NO CRUCE DE VILAR NA D.P. 7305 RIBEIRA	148.101,05	8.859,90
TOTAIS	148.101,05	8.859,90

-Expoñer ao público o citado proxecto mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia, nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

-Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras, de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

TITULO DO PROXECTO	RAZÓNS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN
CONSTRUCCIÓN DE GLORIETA NO CRUCE DO VILAR NA D.P. 7305 RIBEIRA	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As obras consistirán na execución dunha nova glorieta na intersección das estradas DP7305, DP 7301 e DP 7302, modificando as beirarrúas existentes e conducións de saneamento e abastecemento e alumeadado e dotando ao conxunto dos elementos precisos de sinalización e balizamento para a ordenación da súa circulación e a mellora da seguridade viaria. Ampliase a explanada para a ampliación da calzada e a construción de beirarrúas, escavando os laterais da estrada provincial e demolendo as beirarrúas existentes afectadas pola ampliación</li> <li>- Realizaranse beirarrúas e garantirase a seguridade do tráfico peonil. As beirarrúas serán de baldosa hidráulica e de ancho variable</li> <li>- O diámetro mínimo, características de trazado e implantación serán acordes co indicado nas recomendacións para o deseño de glorietas do Ministerio de Fomento e demais disposicións sobre a materia</li> <li>- Contémplase a iluminación adicional da glorieta.</li> <li>- No proxecto inclúese a sinalización horizontal e vertical da calzada.</li> <li>- Contémplase así mesmo e adicionalmente, partidas orzamentarias para a implantación de canalizacións auxiliares na calzada entronque para futuros servizos.</li> </ul> <p>A intensidade media do tráfico aumentou nestes últimos anos.</p>

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

-Someter a información pública o expediente de expropiación para a execución das obras

CONSTRUCCIÓN DE GLORIETA NO CRUCE DO VILAR NA D.P. 7305 RIBEIRA
---

mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

### 33.- APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2009, PRIMEIRA FASE, INTEGRADO POR SEIS PROXECTOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2009, PRIMEIRA FASE, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 898430,90.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0202/560A/60101, e que se detalla.

DENOMINACION	CODIGO	PRESUPOST	
SENDA PEONIL DP 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRIA PK 20+230 A PK 21+870	0911700001.0	383664,22	DUMBRIA
SENDA PEONIL DP 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRIA PK 20+100 A PK 20+230	0911700002.0	25619,67	MAZARICOS
SENDA PEONIL DP 1106 PK 2+260 E PK 3+220	0911700003.0	191370,73	BOIRO
SENDA PEONIL DP 1004 LANZA A BOIMORTO PK 4+620 A PK 5+670	0911700004.0	181005,22	BOIMORTO
SENDA PEONIL DP 2302 HOSPITAL A BRENS PK 0+000 A 0+580	0911700005.0	116771,06	DUMBRIA
SENDA PEONIL DP 5903 ORDES A PORTOMOURO POR PONTECHONIA PK 9+340 A 11+120	0911700006.0	344074,53	TRAZO
	TOTAL	1242505,43	0

A citada aprobación queda condicionada á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos que se aprobará polo Pleno da Corporación o 30-10-2009 no que se incluírá a habilitación da cantidade de 1.242.505,43.- euros na partida 0202/560A/60101.

O proxecto de SENDA PEONIL DP 5903 ORDES A PORTOMOURO POR PONTECHONIA PK 9+340 A 11+120 (TRAZO) déixase para a súa aprobación nunha fase posterior do citado plan.

2) Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producizan, consideraranse definitivamente aprobados.

3) Condicionar a aprobación definitiva do presente plan á aprobación do expediente de modificación de créditos polo Pleno da Corporación o 30-10-2009 no que se incluíra a habilitación da cantidade de 1.242.505,43.- euros na partida 0202/560A/60101.”

**34.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 7ª FASE: PROXECTO MODIFICADO DO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA EP 1002 DE BOIMORTO A MUROS POLA GÁNDARA, PK 0+000 AO PK 0+860. BOIMORTO (0811300005.0).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”1) Modificar a ficha do sistema informático contable da obra PROXECTO MODIFICADO DO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 1002 DE BOIMORTO A MUROS POLA GÁNDARA, P.K. 0+000 O P.K. 0+860. BOIMORTO (0811300005.0) da forma que se indica:

Onde di:... orzamento 415095,41 euros...

Debe dicir: .... orzamento 412922,57 euros....

2) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2009 7ª FASE cun orzamento total de 412922,57.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
PROXECTO MODIFICADO DO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 1002 DE BOIMORTO A MUROS POLA GÁNDARA, P.K. 0+000 O P.K. 0+860. BOIMORTO".	412.922,57
TOTAL	412.922,57

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera, polo tanto, ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprrobe definitivamente o plan ou a súa fase correspondente.

Faise constar que o presente proxecto é un modificado do primitivo que xa se aprobou mediante acordo plenario do 30 de maio de 2008 e que tan só se aproban as modificacións indicadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

3) Remitir o citado proxecto ao concello para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos a

incluir nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).”

## ACTUACIÓN DE CONTROL

### ROGOS E PREGUNTAS

Sra. González Vázquez

Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados e a todos os que nos acompañan, bo día.

O meu rogo vai encamiñado, por un lado felicitar a esta Deputación porque neste caso tomou unha medida, neste Pleno, no punto número 20, que o Partido Popular vén reivindicando desde o comezo da crise económica, mentres que en distintos ámbitos políticos tachóusenos de reaccionarios por querer adoptar unha medida que permitía ter máis diñeiro no peto dos cidadáns, agora as administracións, entre elas esta Deputación provincial, decidiu facelo. Alegrámonos, polo tanto, polo cambio de criterio, non sen antes dicir que se perdeu un tempo precioso de tomar medidas deste tipo nos orzamentos do 2008 e 2009, pero claro que non se podía entón falar de crise se non se vía a cara negra desta. A conxelación de impostos é unha práctica que xa viña facéndose nos gobernos e nos concellos que gobernaba o Partido Popular. O Partido Popular, e quero recalcalo aquí, ten como principios fundamentais, un, a xestión das administracións públicas co mínimo custo posible; dous, que os cidadáns dispoñan do maior poder adquisitivo para a creación de riqueza e postos de traballo; tres, que por iso, e co fin de recadar o mínimo imprescindible para o sostemento da administración competente e o cumprimento coas competencias encomendadas, o Partido Popular sempre mantivemos a nosa vontade, non de conxelar os impostos, senón de baixalos, como fixemos no período de tempo que gobernamos España, e cuarto, está demostrado que este diñeiro en mans dos seus titulares é moito máis eficaz en tempos como este de desolación económica.

Pola contra, neste momento o Goberno de España fala de subir impostos, e ademais de maneira lineal, e a todos por igual, tanto ao que non ten emprego nin prestación algunha, como ao que ten todo e máis. En ningunha lei, Sr. presidente, orde ou norma, está escrito que a Deputación debe subir os impostos, non se trata, polo tanto, só de conxelar nada, trátase de distinguir entre inflación que, evidentemente, non haberá, e deflación, que será o que aconteza. E quen sabe, incluso haberá que pensar en baixar os impostos.

Sr. presidente, no último Pleno vostede manifestou que “temos a presión fiscal municipal máis baixa de España, estamos moi por debaixo da media, e tamén os concellos terán que facer un esforzo por corresponsabilizarse e que os cidadáns paguen na medida en que correspondan os servizos”. Alégrome neste caso desta reconsideración que vén no punto 20 de hoxe, e o meu rogo vai encamiñado a que se manteña este criterio, se estuden os esforzos que hai que facer no futuro á hora de facer

os orzamentos porque se trata que desde a Deputación provincial se faga un esforzo de solidariedade con todos os cidadáns e de austeridade nos gastos. Nada máis.

Sr. presidente

Grazas, Sra. González, a verdade é que non é un rogo, é un mitin. Eu non cambiei de criterio nin cambiamos de criterio, o que dixen no Pleno anterior mantéño, porque é a verdade, e non subimos as taxas porque entendemos que non debemos subilas, pero sempre votaron a favor de todo o que fixemos, e o que hai que facer é expoñer as cousas sen demagoxia, vivimos nun país democrático, e hai dereitos e deberes, e un dos dereitos e un dos deberes que temos é pagar os impostos, e se hai que excluír algúns colectivos especialmente desprotexido, pois exclúese. Pero eu creo que conxelar as taxas este ano eu creo que é unha boa noticia pero tampouco dá para dar un mitin. E vostedes non baixaron os impostos, gobernando vostedes, gobernando o Sr. Aznar, incrementouse a presión fiscal, baixaron o IRPF e baixaron impostos sobre rendementos de sociedades, paréceme, pero subiron os impostos indirectos e, por primeira vez na historia da democracia española e na historia fiscal da democracia española, cobrábase máis, recadábase máis por impostos indirectos que por impostos directos. Pero é igual, é outro debate para outro tema.

En calquera caso agradézolle o rogo, non sei a que vén porque máis que un rogo foi un mitin político. Pero aprobamos todos o punto número 20 por unanimidade e decidimos conxelar as taxas. Non supón tampouco gran cousa, o incremento dunha taxa supón de céntimos, e debemos de tratar que os servizos públicos, os custos o financien os usuarios, e desde logo non cambiamos de criterio en ningunha ocasión e non ten nada que ver este punto número 20 coa afirmación de que os concellos galegos teñen a presión fiscal máis baixa que a media da presión fiscal, e que debemos de tratar de que os servizos se paguen, porque nalgúns concellos non se paga polos servizos de recollida de lixo ou polo servizo de augas, e se hai que excluír nalgún concello a algún colectivo porque está desistido, que se exclúa, pero os demais cidadáns terán que pagalo, e isto non é demagoxia, é a verdade.

Gustárame facer constar en acta o sentimento de dor e pésame polo falecemento de dona Carmela Arias e Díaz de Rábago, condesa de Fenosa, facemos constar o pésame de toda a Corporación en acta. Moitas grazas.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, a secretaria accidental, dou fe.